

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ADULTOS Curso 2009/2010	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	Mon journal d'apprentissage
IDIOMAS	☐ GALEGO ☒ FRANCÉS ☐ OUTRAS LINGUAS: ☐ CASTELÁN ☐ ALEMÁN ☐ INGLÉS ☐ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	- Son quen de entender informacións breves. - Son quen de pronunciar correctamente un determinado son.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	x COMPRENDER: x comprensión auditiva / ☐ comprensión lectora x FALAR: x expresión oral / ☐ interacción oral (conversar) ☐ ESCRIBIR: ☐ expresión escrita
OBXECTIVOS	. Presentación do impreso 6 <i>Aprender a aprender</i> da Biografía Lingüística do Portfolio. O emprego deste impreso permitirá ó alumnado analiza-las súas estratexias de aprendizaxe de maneira a poder sacar un maior proveito delas. . Extraer coñecementos previos dunha canción moi coñecida.
NIVEL	Básico 1
SECCIÓN DO PEL	☒ BIOGRAFÍA ☐ PASAPORTE DE LINGUAS ☐ DOSSIER
PROCEDEMENTO	Actividade: Mon journal d'apprentissage. Material: Follas e bolígrafo. Actividade realizada individualmente. Duración: 50 minutos. A actividade baseouse en sacar proveito dunha canción francesa moi coñecida <i>Voyage, voyage</i> para mediante a escoita e a análise da canción poder repasar e descubrir coñecementos previos. Despois de escoita-la canción analizouse a formación e emprego do imperativo e a pronunciación dun determinado son en relación coa súa grafía . De feito a canción serviu para recuperar un coñecemento previo (a pronunciación dun son) e poñelo claramente en relación coa súa grafía. Tras escoita-la canción empregouse unha versión do impreso 6 da Biografía Lingüística para poder analiza-la súa maneira de achegarse á aprendizaxe dunha lingua estranxeira e deste xeito aprender a aprender.
AVALIACIÓN: Seguimento	Empregar unha canción para realizar unha actividade de aprendizaxe pode resultar ser un método lúdico e enriquecedor, así na realización desta actividade cumpríronse estes dous obxectivos. A canción causou agrado en todo o alumnado sobre todo entre aqueles que superaban unha certa franxa

	de idade. A actividade cumpriu claramente os seus obxectivos, xa que sen ningún esforzo asociaron os seus coñecementos previos cos actuais, de maneira a poder afianzalos.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	O nivel de participación foi moi entusiasta, colaboraron todos cun especial interese e motivación.
IMPACTO PREVISTO	O impacto previsto coincidiu co desexado, xa que se deu a coñecer a importancia da maneira de aprender a aprender e como sacar proveito ó máximo das estratexias de aprendizaxe.

ACTIVIDADE PRÁTICA

Connaissances préalables sur la langue française

Vocabulaire :	Chapeau au revoir la rue
Phrases :	j'm' ai comprends pas Oh là là je t'aime
Éléments culturels :	la Seine le fromage Victor Hugo- le rouge et le noir
Autres :	Jacques Brel Charles Aznavour Mireille Mathieu Claude Chabrol
Endroits où j'ai déjà employé la langue française :	un petit copain la musique